

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA DE CONVIVENCIA

(Para cubrir unicamente no caso de parellas que convivisen sen estaren casadas)

Don/Dona	<input type="text"/>	con DNI /NIE	<input type="text"/>
Enderezo	<input type="text"/>	Código postal	<input type="text"/>
		Localidade	<input type="text"/>
Provincia	<input type="text"/>	Teléfono	<input type="text"/>

DECLARA:

Que convivín con desde a data

ata

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

Orde do 26 de outubro de 2007 pola que se modifica a do 19 de febreiro de 2007, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 19 de febreiro de 2007, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria (DOG nº 44, do 2 de marzo) establece, no seu artigo 5º, un importe total dispoñible para o exercicio 2007 de 4.265.847,34 € destinado ao financiamento das subvencións que ao abeiro dela poderán ser concedidas aos seus solicitantes, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de maiores dispoñibilidades orzamentarias, que se tramitarán como modificacións dela.

En consecuencia, ante a existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar de novo o importe dos créditos correspondentes ao exercicio 2007 destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 19 de febreiro de 2007, na contía adicional de 145.760 €, coa finalidade de facer chegar as ditas subvencións ao maior número de beneficiarios posibles en contía

suficiente para garantir unha axeitada prestación dos servizos sociais.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Ampliase o importe total correspondente ao exercicio 2007 destinado ao financiamento das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2007, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:

05.31.312A.481.3 polo importe de 145.760 €.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar